

Boullón Agrelo, Ana Isabel (2013): “A edición da documentación medieval non literaria en Galicia”, en Rosario Álvarez / Ana Maria Martins / Henrique Monteagudo / Maria Ana Ramos: *Ao sabor do texto. Estudos dedicados a Ivo Castro*. Santiago de Compostela: Servizo de Publicacións da Universidade de Santiago de Compostela, 57-76.



You are free to to copy, distribute and transmit the work under the following conditions:

- **Attribution** — You must attribute the work in the manner specified by the author or licensor (but not in any way that suggests that they endorse you or your use of the work).
- **Non commercial** — You may not use this work for commercial purposes.



INSTITUTO DA LINGUA GALEGA

A edición da documentación medieval non literaria en Galicia

ANA ISABEL BOULLÓN AGRELO


Instituto da Lingua Galega – Universidade de Santiago de Compostela

A ocasión da homenaxe ó benquerido mestre Ivo Castro, que tan luminosas páxinas ten dado a lume sobre a crítica textual, o concepto mesmo de filloxía e a práctica ecdótica en textos portugueses e tamén galegos, sérvenos de pretexto para reflexionar sobre a edición da documentación medieval en Galicia. A limitación do número de páxinas obríganos a acouta-lo tema ós textos non literarios, posto que a análise da produción literaria esixiría ter en conta condicionantes moi diferentes.

1. ¿Canto se publica?

Hai uns anos, Fernando Tato e mais eu publicamos unha relación de fontes para o estudo da lingua medieval (Tato / Boullón 2004), en que realizabamos unhas consideracións de tipo cuantitativo. O gráfico que presentamos daquela é hoxe revisitado, depurando os datos (desta vez só inclúo edicións de textos e desboto os catálogos), incluíndo algunhas referencias ignoradas daquela e completando a primeira década do século XXI (ata 2010); isto supón máis de medio millar de títulos, que inclúen textos de extensión moi dispar (artigos en revistas ou colectáneas, coleccións documentais completas ou apéndices documentais). A situación nas primeiras décadas non experimenta grandes cambios; pódese dicir que na última a tendencia ascendente diminúe, se ben se mantén un número elevado de edición de fontes (en torno ós 130 títulos).

PUBLICACIÓN DE FONTES DOCUMENTAIS MEDIEVAIS



Non repetirei aquí as consideracións sobre a frecuencia ó longo do tempo, o tipo e lugar das publicacións, porque o que está en foco agora é unha cuestión diferente: os tipos de edición de que foron obxecto eses textos. En primeiro lugar, cumpriría distinguir os documentos escritos en latín dos documentos escritos en romance, pois no primeiro caso hai uns criterios máis homoxéneos que no segundo, dado que para os romances sería necesario ter en conta cadansúas características lingüísticas específicas, cousa que para o galego en moitos casos non se fixo, como máis adiante se verá.

Centrareime, pois, nos documentos escritos en galego (o que equivale, na maior parte dos casos, a pór a baliza cronolóxica a partir do segundo terzo do século XIII), e en especial nos editados nas últimas décadas, posto que é claro que os recursos, os coñecementos e as posibilidades técnicas de que se dispón agora convérten a tarefa de editar nun labor moi distinto do que era a primeiros do século xx.

2. ¿Como se publica?

O gráfico amosado pon de relevo o interese dos investigadores nas últimas décadas pola exhumación dos textos medievais, o que é unha noticia excelente para tódolos estudosos desa época histórica. Para todos, sexa cal for o seu interese, dado que toda edición de fontes constitúe un avance no coñecemento. E todos eles declaran ter como prioridade o respecto escrupuloso ó texto. En atinadas palabras de Fernando Tato:

Con independencia da natureza do texto, literario ou non, do modelo de edición adoptado e do público a que vai dirixido, non hai editor que deixe ve-lo produto das súas operacións senón á luz do facho sempre acceso da fidelidade ó texto de partida. Paradoxalmente, a disparidade dos resultados demostra que a adopción deste gran principio non aclara nada sobre o produto final (Tato Plaza 1999: 67).

No que segue tentarei ofrecer unha perspectiva xeral da caracterización da edición dos textos non literarios en Galicia. Non se pretende ofrecer unha análise pormenorizada dos criterios de edición de cada un dos traballos, entre outras razóns, porque na maior parte deles non se explicitan (o que obrigaría a analizar cada un dos traballos individualmente), senón, sobre todo, porque iso implicaría unha excesiva atomización. Por tanto, tomarei como referencia algúns dos principais editores de textos que propuxeron criterios de edicións para os textos galegos (Lucas, Fernández de Viana, Lorenzo e outros). En xeral, podemos ver que o trazo principal que distingue as edicións é a formación do editor: será diferente se é paleógrafo ou historiador que se é filólogo. As cuestións concretas que atenderemos serán a resolución das abreviaturas (en cursiva ou non) e a representación do sinal de abreviación cando é marca de nasalidade.

2.1. As edicións de paleógrafos e historiadores

No seo do que é hoxe a Facultade de Xeografía e Historia da Universidade de Santiago de Compostela formouse a maior parte dos historiadores que deron a lume unha gran cantidade de textos medievais. O profesor Lucas Álvarez comezou a súa dilatada carreira como editor de textos antes da segunda metade do século xx¹, e nun dos seus primeiros traballos (1949) propuña unhas normas de transcripción de documentos en galego complementarias ás publicadas pola Escuela de Estudios Medievales (1944). Alí constataba unha situación que continúa hoxe en día, a «completa anarquía en cuanto a las normas de transcripción» (p. 96), e falaba da «mente de historiador desligado de preocupaciones paleo-

1 Editou as coleccións documentais dos mosteiros de Carboeiro (1957/1958), Camanzo (1978), de San Martiño Pinario de Santiago (1999), o tomo de Samos (1986), o tomo A da Catedral de Santiago (1997); con M^a Xosé Justo, documentación medieval da Universidade de Santiago (1991), e con Pedro Lucas, as coleccións documentais do mosteiro de Ramirás (1988), de Pombeiro (1996) e de San Clodio do Ribeiro (1996). A referencia completa de todas elas pódese consultar en Tato / Boullón 2004, coma o resto das edicións anteriores a 2004 que non comente explicitamente.

gráficas o filológicas, desgraciadamente frecuente, pero contra la que hay que luchar con todo esfuerzo» (p. 99). Na súa proposta avogaba por un criterio «rigorista moderado de quienes respetan el texto, pero procurando darle su valor justo y haciéndole inteligible a las actuales inteligencias y ojos del moderno investigador» (p. 98); isto é, a medio camiño entre o conservadorismo extremo e a edición modernizadora. E no que respecta a unha das peculiaridades da *scripta* medieval galega, o sinal de abreviación con distintos valores nasais, «no queda máis solución que atender a aquelas formas en que el escriba haya desarrollado la palabra, o también al número mayor de veces que emplee una u otra forma, y ésta es la que debe seguirse al hacer la transcripción» (p. 105). Na práctica, o que fai é desenvolver o til cando corresponde a un *n* implosivo, e manter un guión enriba da letra ou das letras cando ten outro valor ou cando se trata dunha plica:

Lourenço Fernandes e Costança Eanes (CDRamirás a.1342, p. 492); no orixinal: «Lourreço F<e>r<nande>s e Costãça Eanes»;

moestiro de Ramirãas et ã õ conuento desse mēẽsimo lugar d'Ourantes ...
 Centrões (CDRamirás a.1345, p. 495).

Cómpre considerar que cando Lucas escribiu esta proposta, os estudos sobre a lingua medieval galega eran aínda moi incipientes, e non debían ser coñecidas as edicións realizadas sobre os cancioneros medievais, nomeadamente en Portugal (pensemos, por exemplo, na edición de Carolina Michælis do Cancioneiro de Ajuda, que é de 1904), ou ben non se lles prestaba atención por consideralas de interese puramente literario. O coñecemento da lingua galega neste período sería iluminado décadas máis tarde por Ramón Lorenzo, coa súa monumental edición da *Crónica Xeral* (1975/1977) e os subsecuentes estudos lingüísticos², amais da colección e estudo lingüístico dos textos notariais galegos e portugueses setentrionais de Clarinda Azevedo Maia (1986).

É por iso que non se entende ben que os historiadores que desenvolven a partir desa data o seu labor ignoren estas contribucións manifestando un descoñecemento desconcertante da lingua dos documentos que estaban editando. Así, cando Miguel Romaní, editor dunha gran cantidade de documentación do mosteiro de Oseira, lle chama «guión sobre ditongo» á indicación de nasalidade e propón suprimilo ou non «segundo a forma máis parecida ó galego actual; así, pēa = *pena*, bōa = *boa*» (Romaní 1989: VII), está a deformar a realidade fonética da

2 Entre os que salientamos polo seu interese para a cuestión que tratamos os seguintes: Lorenzo 1987, 1988 e 1995.

lingua medieval³. De feito, na grande maioría dos textos documentais transcritos polos historiadores non se usa en absoluto o til de nasalidade, co que se furta unha información lingüística fundamental. Este criterio significou, en realidade, unha involución con respecto ó proposto por Lucas Álvarez case corenta anos antes⁴. Os criterios que, a grandes trazos, se seguiron desde ese momento, foron os da Commission Internationale de Diplomatique (1984), que pretendían servir de pautas xerais para a edición de documentación medieval, pero sen ter en conta as especificidades das linguas concretas.

Desde aquela volveuse case un lugar común aludir á incompreensión entre historiadores e filólogos, que explicitaba Fernández de Viana, outro prolífico editor de textos medievais⁵, na súa proposta de normas editoriais:

É precisamente a cualidade a maior queixa que fan os filólogos para poder utilizar as fontes documentais xa publicadas. E teñen a súa razón, en moitos casos. Comprobamos erros de transcripción que levaron a falsas etimoloxías. Pero tamén se atopan boas lecturas do paleógrafo consideradas polo filólogo malas, antes de comprobalas no orixinal, *porque non se axustan ó seu esquema de evolución da lingua* (Fernández de Viana 1998: 72; o subliñado é meu).

Por suposto, non ten sentido ningún queixarse dunha lectura «por non se axustar ó esquema propio de evolución da lingua». O problema non creo que radique nese aspecto, nin sequera na posible aparición de erros de lectura (todo editor pode cometelos). Coido que Ramón Lorenzo poñía o punto no asunto principal:

O problema primordial non está na transcripción dos documentos, senón en que os editores sen formación lingüística descoñecen a lingua medieval e moitas

-
- 3 Ramón Lorenzo (2004: 450) fixo un comentario detallado sobre estas palabras, aclarando cal debía se-la lectura correcta deste tipo de secuencias. Vemos que, lamentablemente, a colección de Oseira continúa publicándose do mesmo xeito. Otero-Piñeyro repite en 2008, case verbo por verbo e traducidas ó castelán, as palabras de Romaní de vinte anos antes: «teniendo en cuenta que el acento diacrítico en gallego tiende a convertirse en guión, el problema resultante es difícil de dilucidar. En tales casos, se decidí adoptar la forma más parecida al gallego actual: así «pēã» será *pena* y «bōã» *boa*» (p. xxxii).
 - 4 Volvería reiterar-la necesidade de ter en conta os aspectos lingüísticos en 1991: «Necesario [es] también emprender con los filólogos una colaboración decisiva para dotar a nuestros investigadores de unas Normas de transcripción de documentos en gallego que sean válidas para cuantos se interesan por estos temas» (Lucas 1991: 464). As súas normas son aínda reivindicadas en datas recentes, como en Otero-Piñeyro Maseda 2008, aínda que de feito non as segue na súa edición.
 - 5 Formado na universidade compostelá, desenvolveu a maior parte da súa vida profesional na de Granada. Publicou, entre outros textos, as coleccións documentais de Ferreira de Pantón (1994) e de Vilanova de Dozón (2009), o tombiño de San Bieito do Campo de Santiago (1995) e con Juan Carlos de Pablos Ramírez e M^a Teresa González Balasch, o tomo de Caaveiro (1996-1997).

veces eliminan características lingüísticas fundamentais nas súas edicións ... polo que as súas lecturas non son válidas (Lorenzo 2004: 450).

Isto é, efectivamente, o que ocorre con criterios coma os seguidos por Romaní. Do que se trata, fundamentalmente, é de non ocultar-la realidade lingüística. No que toca á cuestión do til, Fernández de Viana aconsella manter-lo sinal de nasalidade da seguinte maneira:

O «signo xeral» indica contracción, suspensión ou nasalidade». ... «aconsellamos reproducilo sobre tódalas vocais: «mããõs»/ «mããõs» ... «bõõ»/ «bõõ», ... «hũã»/ «hũã» (Fernández de Viana 1998: 76).

Esta proposta non foi moi seguida, alomenos en Galicia, nin el mesmo a aplicou con excesivo rigor⁶. Posteriores investigadores, como Beatriz Vaquero Díaz, continúan ignorando esta cuestión; na súa edición dos documentos de San Salvador de Celanova, explica:

ante a necesidade de facer a documentación asequible para a súa utilización como fonte histórica, optouse por realizar unha transcripción alonxada dos cánones filolóxicos que reclaman unha transliteración exhaustiva (Vaquero Díaz 2004: 21).

Destas palabras dedúcese unha incompreensión do que significa unha edición aceptable desde o punto de vista filolóxico, posto que unha «transliteración exhaustiva» sería máis ben unha transcripción paleográfica estreita. En calquera caso, nas edicións desta autora non se sinalan as reconstrucións feitas nin se utiliza en absoluto o til de nasalidade, polo que se infire que ou ben se eliminou ou ben se repuxo unha nasal. Nunha moi recente edición de documentos da catedral de Ourense, feita por esta autora en colaboración con Francisco J. Pérez Rodríguez (2010), decláranse seguir-las normas propostas por Ruiz Asencio (1987); agora ben, estas normas están pensadas para o latín medieval, non para o romance (e desde logo non para o romance galego). A súa práctica na transcripción é semellante ás obras anteriores.

6 Na colección documental de Vilanova de Dozón, editada despois desta proposta, en 2009, vemos que hai documentos enteiros en que non se empregan as cursivas nin os tiles (nº 56, 69, 88, 97, 112, 123, 149, 152, 158, 160, 181, 182, 216, 241), e que a mesma abreviatura pode aparecer desenvolvida de formas diferentes. Así, o artigo indeterminado masculino está transcrito como «huʀ» (p. 119, 112, 127), «hũ» (p. 120), «huuz» (p. 138), «huũ» (p. 144, 163). Ademais, tampouco é sistemático no uso dos tiles; no documento 328, tamén publicado por Maia (doc. 130, pp. 2301-3), vese que faltan nos seguintes casos: *Froyas / Froyães; pas / pẽas, cadea / cadẽa, Fros / Froães*.

Un caso diferente constitúeno as edicións de Alexandra Cabana Outeiro, editora do tomo H da catedral de Santiago (2003). Historiadora de formación e atenta ás cuestións lingüísticas, non utiliza cursivas á hora de desenvolver-las abreviaturas (2003: 134-36), aínda que inclúe un «índice de abreviaturas» (pp. 1075-1106), co que é posible ir comprobar a que corresponden os desenvolvementos; ademais, mantén os signos abreviativo cando indica nasalidade (*hũa, razões*), mesmo cando non ten valor fonético (o cal é máis discutible: cf. *cabidão*), pero non cando é un resto do sistema abreviativo latino («*pēna*» = *pena*).

2.2. As edicións dos filólogos

Como comentamos antes, tralos traballos de Lorenzo e Maia, a partir da década de 1980, comezan a editarse en Galicia textos que teñen en conta de maneira específica e rigorosa as características da lingua medieval⁷. Estes autores optan por uns criterios moderadamente intervencionistas levemente diferentes (no común, actualizan o uso de maiúsculas e minúsculas, a acentuación, desenvolven en cursiva as abreviaturas e utilizan o signo do til de nasalidade para indicar as nasalizacións das vogais)⁸. Os traballos sucesivos dados á luz en Galicia viñeron na súa maior parte da man de discípulos de Ramón Lorenzo (ou de discípulos de discípulos), e seguiron as normas propostas por el, con lixeiras variacións nalgúns casos⁹.

Seguindo a súa proposta (Lorenzo 2004: 453), no caso do sinal de abreviación con valor nasal, transcríbese como til cando ten orixe na perda dunha consoante intervocálica, por entender que a vogal anterior está nasalizada, enriba da primeira das vogais (*irmão, razões, hũu*), mesmo aínda que hoxe teña valor de nasal palatal (*camõ, mã*). Trátase, logo, de edicións interpretativas que teñen como obxectivo a edición de textos aptos para o traballo lingüístico e, que, por suposto, tamén poden utilizarse para os estudos históricos.

Outros autores enfróntanse ós textos de maneira diferente. José Souto, na súa colectánea de documentos dos séculos XII e XIII (2008), opta por un «criterio esencialmente conservador» (p. 20). Parece paradoxal que nestes tempos sexan os paleógrafos os que fan as edicións interpretativas máis libres e algúns filólogos

7 Os criterios de Lorenzo están expostos en 1988, 2004; os de Maia, en 1986: 19-33.

8 Véxase un cadro comparativo das semellanzas e diferenzas en Tato Plaza 1999: 87, que inclúe tamén a Ferreira.

9 Menciono só os que considero máis importantes, por orde cronolóxica: Barreiro García 1995, Maure Rivas 1998, Tato Plaza 1999, Boullón / Monteagudo 2009, Pichel Gotérrez 2009, Dono López 2010, Bouzas Rosende 2010.

os que acometan as edicións paleográficas máis estritas. Esta tendencia á máxima fidelidade á letra dos manuscritos continúa na dirección emprendida ultimamente nas edicións dos textos medievais portugueses. Así, con certas diferenzas, foi proposta na colección de documentos portugueses do noroeste de Portugal e da rexión de Lisboa que fixo Ana M^a Martins (2001), e, para os textos escritos en latín, por António Emiliano (2002).

No devandito traballo de Souto, as únicas intervencións que o autor declara son a separación das palabras á moderna e o desenvolvemento das abreviaturas, que se indican, como é usual, con letra cursiva. Agora ben, isto último non o fai de maneira sistemática, xa que «quando a forma expandida aparece como conjetural, fizemos uso das chavetas para as identificar: {D^o}, {moler}, {p.}» (p. 22). Isto é o que ocorre nos seguintes fragmentos:

a¹⁴ que foy de dõna {C^a}. & o quinõ *que* nos Auíamos enas casas que uos Areas *martiiz* ¹⁵ fezestes eno cural de freyxéedo (p. 168).

A morte de nos Ambos a leyxar Ao moesteyro de mõte de ramo *de* nosa herdade.¹¹¹ quita .j. {*quarta*} sementeura en Aquel lugar ú A nos melor ouermos ena fijgresia sobredita de sãta ¹¹² .*maria*. de Amãde (p. 174).

É unha opción moi cuestionable, dado que a mera utilización das cursivas é sempre conxectural: o non desenvolvemento destes treitos parece indicar inseguridade no seu recoñecemento. Por outra parte, se o criterio xeral é o máximo respecto á literalidade textual (coa utilización dos grafemas modernos), a introdución de caracteres estraños ó propio texto (neste caso, as chaves) debía limitarse no posible.

Hai outros sinais utilizados por este editor que son tamén inusuais nas edicións de textos: «Aqueles segmentos de texto de configuración infrequente (ou erros) são indicados entre ângulos sobrescritos: ^texto^» (p. 21), coma no seguinte caso:

Se pela uẽtura da nosa ¹¹⁵ parte uel da ^*estra*^ *contra* a esta uẽdiçõ ^*uer*^ *pete* ¹¹⁶ a uos esta erdade dupplatam. & uocj Regie .xx. ¹¹⁶ {mbr} & Carta en suo Robore permanente (a.1264, p. 178).

Nin *estra* nin *uer* son erros: *estra* é unha variante da forma máis común *estraya* (< lat. EXTRĀNEA), co mesmo desenvolvemento fonético ca *testemoio*, como informa Ramón Lorenzo no seu glosario da *Crónica Xeral* e da *Xeral Historia* (apud DDGM), que, ademais, documenta formas semellantes: «da mja parte ou da *stráá*» a. 1271, «ou da *estráá*» a. 1282, que tamén se ven noutros lugares: *estraa* («se algẽ uer da mia parte uel d' *estraa* cõtra esta carta a.1259 Boullón / Monteagudo 2009 s.v. *estraneo*), «Et se algen veer de nosa parte ou d' *-estra*» (a.1274 CDOseira 1001, apud TMILG).

En canto a *ver* como futuro de subxuntivo do verbo *vir*, está xa atestado por Maia (1986: 853) en 1335, ó lado da máis común *veer*, que tamén atesta Lorenzo na obra citada. Desde esa perspectiva, sorprende que non lle pareza infrecuente a forma verbal *pete*, que, no canto da común *peyte* (ou *pecte* nos textos máis antigos, ou *peite*, de *peitar* < lat. vg. *PACTARE), se atesta raramente: non no DDGM, e no TMILG só unha outra vez (a.1258 Maia 1986: 78)¹⁰. Pero, en calquera caso, as edicións non son os lugares para salientar formas ou evolucións que ó editor lle chaman a atención: para iso están os estudos lingüísticos específicos. Ademais, a convención usual para os erros non corrixidos ou as lecturas estrañas é indicalo con «(sic)»; no posible, sería conveniente limitar o uso de convencións non coñecidas.

Unha edición como esta, de tipo paleográfico pero sen desenvolver algunhas abreviaturas especialmente problemáticas ou con chamadas de atención a determinadas formas, parece máis ben unha fase previa para unha edición definitiva¹¹. Dalgunha maneira é así recoñecido nalgún outro traballo do mesmo editor, en que presenta os textos co que chama «primeira» e «segunda lectura». En Souto (2009), edita un texto que data entre 1260 e 1261: a «Segunda lectura», «próxima de una transcripción de carácter paleográfico, reproduce todas as características do manuscrito a que se reputou alguma pertinência, a nivel lingüístico ou gráfico», mentres que na «Primeira lectura», «aproximamos o texto das prácticas gráficas actuais (alografías, maiúsculas vs. minúsculas, pontuação) desde que isso não tenha como resultado desfigurar a substância lingüística do texto» (p. 410).

Esta modalidade de presentar varias versión do mesmo texto é unha tendencia que se vén levando a cabo no dominio hispánico na rede *Charta*¹², proxecto coordinado por Pedro Sánchez-Prieto Borja (da Universidade de Alcalá) e que para os textos galegos (en latín) foi aplicado de maneira explícita por Ainoa Castro Correa / Ricardo Pichel Gotérrez (2011). Nesta proposta, amais de incluír unha completa información e sobre as características formais do documento e a

10 Aínda que no estudo que lle dedica á evolución do grupo -kt-, Maia (1986: 633-5) non fai alusión a esta forma. Para a representación gráfica os documentos temperás do ditongo *ei*, véxase Boullón / Monteagudo 2009: 32-33.

11 Ou para unha edición crítica, no sentido apuntado por Lucía Megías (1998: 123): «unha interpretación textual que tiende hacia la legibilidad del texto y su correcta interpretación».

12 *Corpus Hispanico y Americano en la Red: Textos Antiguos*, proxecto coordinado por Pedro Sánchez-Prieto Borja (Universidade de Alcalá), que ten como fin a creación dun corpus de textos y documentos antigos de los siglos XII al XIX de España e Hispanoamérica. Véxase <http://www.charta.es/>. Este sistema xa fora utilizado na súa edición dos *Textos para la historia del español* (1991-2006). Vid. tamén CODEA. *Corpus de Documentos Españoles anteriores a 1700*, Grupo de Investigación de Textos para la Historia del Español da Universidade de Alcalá (<http://demos.bitext.com/codea/>).

súa transmisión textual, ofrécese tres tipos de presentacións distintas: paleográfica, crítica e facsimilar. Ofrecemos un mesmo treito das dúas primeiras:

Ego petro pelaz cognomento oculo . obremedium anime mẽe *et* parentum meorum /3 dono atque concedo *eclesię sanctj iohannis calauarij* . quasdam meas hereditates quas . /4 habui deganantja de gundissaluo menendiz . scilicet · quomodo ganauí casa de gundissaluo /5 menendiz . Et sunt ipsas hereditates *pernominatas*. riba *et* buiu . Scilicet alias meas /6 hereditates dagoni . *et* mugu zi . Et de illo plantato deripa . habui ego baralia /7 *inter* me mea muliere.

Ego Petro Pelaz, cognomento Oculo, ob remedium anime meae et parentum meorum, dono atque concedo ecclesiae Sancti Iohannis Calavarii quasdam meas hereditates quas habui de ganantia de Gundisalvo Menendiz, scilicet quomodo ganavi casa de Gundisalvo Menendiz; et sunt ipsas hereditates pernominatas Riba et Buii, scilicet alias meas hereditates d'Agoni et Muguzi, et de illo plantato de Ripa habui ego Baralia inter me [et] mea muliere (p. 262).

Unha tripla presentación como esta satisfai seguramente a todo tipo de usuarios, porque permite o aproveitamento do texto desde moi distintas perspectivas: a presentación crítica permite unha maior intelixibilidade do texto, a paleográfica comproba-la súa literalidade e a reprodución facsímile estudar todos aqueles aspectos que non son susceptibles de transliteración (ou mesmo, corrobora-las lecturas). Evidentemente, nestes casos a edición interpretativa é máis libre ca nos casos de edición única, porque ten ó seu carón as outras dúas versións do texto para posteriores comprobacións. O principal problema que presenta esta opción é que non é factible en caso de publicacións de un número considerable de documentos, polo que segue sendo necesaria unha proposta de consenso entre os extremos.

3. ¿É posible unha unificación de criterios de edición?

Hai xa bastantes anos, Ivo Castro e mais Helena Lopes de Castro e Isabel Vilares Cepeda (1964/1973) fixeron unha proposta de normas de transcrición para textos medievais portugueses que levantou polémica por propugnaren o que se considerou unha modernización e regularización excesivas. Algún tempo despois, Ivo Castro e Maria Ana Ramos (1986), rememoraban ese antigo degoiro de normalizalos métodos de transcrición e publicación dos textos medievais. ¿É alcanzable? ¿Ou, como suxiren os autores do artigo, «talvez isto seja querer demais»? Desde logo, é «demasiada ambição esperar que editores das mais variadas formações

transcrevam e publiquem, de modo normalizado, textos de todas as épocas, índoles e públicos, latinos e vulgares, de interese documental e de interese artístico» (p. 99). É indubidablemente así, pero a cuestión ponse nun marco máis axeitado ó encadra-la estratexia da edición dentro do campo bibliográfico do texto respectivo (p. 112). Entre outras cousas (o tipo concreto do texto, as edicións preexistentes), este viría condicionado polo tipo de lector que sería o seu público: lectura de fruición, análise literaria, utilización como documento lingüístico, instrumento para a análise histórica (p. 113). Evidentemente, os tipos de público serán máis variados se se trata dun produto literario, e xustifican a existencia de produtos destinados á divulgación con marxes moi amplas á modernización e á unificación¹³. Pero nos casos dos textos notariais o público posible redúcese ós dous últimos citados, porque dificilmente haberá un lector que se achegue a eles por fruición.

Se ben o tipo de usuarios é máis concreto e permitiría acoutar máis o tipo desexado de edición, é unha evidencia que seguen existindo disparidade de criterios, mesmo aínda que os obxectivos específicos sexan os mesmos (o texto como testemuño histórico ou lingüístico). E, malia as poucas esperanzas que decote demostran explicitamente os editores, considero que, aínda que sería sempre desexable uns criterios comúns, é imprescindible nas coleccións institucionais das fontes, como a do Consello da Cultura Galega, que segue editándose de maneira dispar. Un punto de consenso só virá dado de se achegaren as posturas.

Considero que unha perspectiva común de encontro viría dada da elección dun tipo de elección moderadamente interpretativa. Nela deberían terse en conta os procedementos de descrición dos manuscritos e as convencións usuais para facelo: indicación da data e o lugar, rexesto, o arquivo, a descrición física (tipo de material, dimensións), a tradición (con tódalas fontes coñecidas) e a relación doutras edicións anteriores¹⁴. A intervención nas grafías do documento que suporía a modernización do uso de maiúsculas e a puntuación facilitaría a comprensión do documento e non empecería o seu estudo lingüístico, porque para determinados estudos gráficos sería sempre necesario ir consulta-lo orixinal, dado que, aínda que se pretendese reproducir fielmente a puntuación orixinal, é imposible facelo coa tipografía moderna.

13 Como a versión dos Milagres de Santiago de García Vilariño (1988), ou do fragmento do libro de Tristán dos irmáns García Sendón (1989), acomodado a un público novo e sen formación filolóxica, no que constitúe un traballo de edición e asemade de intratradución: hai regularización e modernización gráfica, morfolóxica, léxica e sintáctica.

14 Unha completa exposición de todos estas características vese en da Costa (1993³).

Agora ben, os requisitos necesarios para a utilización do documento como testemuño lingüístico pasan necesariamente polo recoñecemento da especificidade do romance en que está escrito, o que implica que as normas de transcripción (ou transliteración) non poden obviar características lingüísticas fundamentais. Se hai aspectos que non teñen maior repercusión lingüística (como a representación de *u/v*, *i/j* co seu valor vocálico ou consonántico, independentemente do seu uso no manuscrito, da mesma maneira que se acepta unifica-los distintos tipos de *s*, sexa sigmático, redondo ou longo), outros son inescusables, como a representación do sinal xeral de abreviación cando marca a lenición dun -n- intervocálico. A tradición asentada para os textos galegos e portugueses medievais establece a convención de indicalo cun til nasal na primeira vogal (*irmão, bõa, razões, Martiiz, condiçõs*), independentemente da posición exacta do sinal de abreviación sobre a palabra e do resultado moderno (como se ve claramente na actual terminación *-iño/-a*, que procede dunha secuencia nasalizada, e de aí que se deban manter formas como *camão, mĩa*, ou na secuencia *ẽno*). Outra cousa distinta é cando o trazo indica unha consoante nasal implosiva, caso en que é máis conveniente desenvolver esa nasal (*con, ponte, manda*).

Por outro lado, é crucial a indicación en cursiva do desenvolvemento das abreviaturas. Como xa teño dito anteriormente (Boullón 2004: 12-13), poderase estar de acordo ou non en cómo se desenvolven as abreviaturas, pero se se indica que estamos ante unha opción do editor e non dunha forma real no manuscrito, o lector ou o investigador xa saberá a que aterse e non se verá enganado por unha forma que non existe en realidade. As obxeccións económicas ou de dificultade técnica que se lle ten posto a esta condición xa non teñen sentido¹⁵ grazas ós actuais procesadores de textos, que facilitan enormemente esta tarefa. E a transcendencia que ten desde o punto de vista lingüística a resolución das abreviaturas é grande, como a seguir veremos.


3.1. Exposición de casos: *igreja* (e outros)

O primeiro exemplo é o caso da forma léxica moderna *igreja* (< lat. vg. ECLESIA). Trátase dun ítem léxico que aparece cunha enorme frecuencia na época medieval e por tanto adoitábase representar con abreviaturas (*eglia, igllia, igla, ig'*, etc., ha-


15 Por exemplo, Ruiz Asencio (1987: xxx): «La edición llamada paleográfica, en la que se escribe con caracteres cursivos lo que está abreviado, aun siendo la única utilizable con absoluta seguridad por parte de los filólogos, encarece de tal manera los gastos editoriales, que desde el principio fue excluida».

bitualmente cun trazo por riba¹⁶). Os distintos desenvolvementos das abreviaturas e os seus distintos resultados fonéticos (da vogal inicial, do grupo consonántico medial e da sibilante) producen unha variabilidade formal excepcional: no TMILG contabilizamos ata 60 variantes desta forma, pero non todas teñen a mesma frecuencia. Se queremos elaborar unha historia desta palabra, amais da variación da vogal pretónica entre *e-* e *i-*, e o resultado semiculto do grupo consonántico (con *r* ou con *l*), hai que considerar o resultado da súa terminación, en función da cal establecéronse dous cadros¹⁷. Dada a excesiva atomización resultante, reducín o número de variantes segundo os criterios propostos anteriormente, transcribindo <i>, <j> segundo o seu valor consonántico ou vocálico e desenvolvendo as abreviaturas mantidas no texto. Isto diminuíu bastante o elenco, pero aínda así obtemos 31 formas distintas para o primeiro dos cadros, en que o <i> (ou <j>) ten valor consonántico (só ou en compañía doutro grafema, no grupo <gi>) (que acadan un total de 1.455 ocorrencias), e 21 para as que presentan a terminación *-sia*, onde o <i> ten valor vocálico, o que ocorre para 3.734 ocorrencias.

VARIANTES MEDIEVAIS DE *IGREJA* NAS FONTES EDITADAS



VARIANTES MEDIEVAIS DE *IGLESIA* NAS FONTES EDITADAS



16 Era tamén moi frecuente nos textos latinos: no Cappelli (1987: 115-6): <ecca>, <eccia>, <ecclia>, <eccl> (normalmente con trazo por riba), <ec^ee>, <ecc^a> e outras, dependendo do caso da declinación.
 17 Só se teñen en conta os resultados da prosa notarial; unificáronse os resultados desagregados de maiúsculas e minúsculas e os que presentaban variantes de *s* (*s* redondo e longo).

A desproporción numérica evidente entre ámbalas formas podería inducir a pensar que se trata de dous resultados diferentes. Pero se se examinan as distintas variables que podían condicionar estes resultados, veremos que non se trata dun factor cronolóxico nin diatópico, senón que veñen determinados polo tipo de edición da que proceda a atestación. Efectivamente, hai fontes onde non se ofrece nin un só caso de formas con <si>, e que sempre presentan unha consoante palatal (grafada con <i> ou con <j>); isto é o que acontece coa *História do galego-portugués* de Clarinda Azevedo Maia (1986), que reúne documentos de toda a época medieval e de procedencia xeográfica heteroxénea (*eygleia, igleia, iglleia, iglleja, igreya, igrigia, jgleia, jglleia, ygleia, yglleia, ygreia*); tamén co Libro de notas de Álvaro Pérez, notario de Rianxo (editado por Tato Plaza 1999), onde a única forma que se documenta é «egleia»¹⁸; no Libro das tenzas da Catedral de Santiago, lido por Luz Méndez (1991), que recolle 69 ocorrencias das formas *igleia, igleja, jgleia* e *jgleja*; co Tombo de San Bieito do Campo (Santiago), lido por A. Fernández Salgado (1999): 53 ocorrencias das formas *igleia, iglleia, eglleia* (unha única forma de *iglesia*, en 1457), co Tombo H da Catedral de Santiago, lido por A. Cabana Outeiro (2003): 250 ocorrencias das formas *Igleia, igleja, iglleia, iglleja, jgleia, jglleia, jglleja, Igllieia, egleia, egleja, egllieia, eglligia*. Todas estas fontes, de autores, datas e lugares diversos teñen en común só o feito de estaren editadas con criterios filolóxicos. Outros datos externos ó TMILG que comparten estes criterios de edición corroboran a impresión: nos documentos do Concello de Noia (Barreiro García 1995), as formas son *igleia, iglleia, igreja* (apud DDGM). E na fonte que estuda os documentos escritos en galego anteriores a 1260 as variantes son estas: *igl(e)ia* (8), *ygl(e)ia* (13), *yg(le)ia* (1), *yglisia* (2), *higreia* (4), *eglisa* (2), *egregya* (3), *egreia* (1), *eygregia* (1), *eygregya* (6), *ygl(e)ias* (2) (Boullón / Monteagudo 2009 s.v. *igleia*)¹⁹.

En resumo, o desenvolvemento dunha abreviatura como *iglia* (con sinal por riba) debería ser «igl<e>ia», tendo en conta por un lado as formas por extenso e ademais o moi frecuente valor do sinal de abreviación como *e*; pero os editores desenvolveron maioritariamente segundo a forma española, «igl<es>ia», razón pola cal é hoxe a máis numerosa nas edicións medievais.

18 Aparece unha única ocorrencia de *iglesia*, pero debe ser un erro do TMILG, porque no libro está editado «egleia» (p. 106).

19 A forma *yglisia* que aparece dúas veces procede de Vilafranca do Berzo, área de confluencia de isoglosas entre o galego e o leonés. Nas demais, excepto quizais en *eglisa*, hai que supor unha palatal. En todo caso, cómpre ter en conta que estes documentos, dos primeiros escritos en galego, teñen unha forte interferencia aínda do latín.

A partir destes datos non podemos descartar totalmente a existencia nos textos galegos de variantes da forma léxica rematadas en *-sia*, pero vistas as evidencias, parece claro que o que si temos que pór en cuestión é a abrumadora maioría destas formas nos textos medievais. Isto leva a un efecto colateral: a prudencia con que hai que manexar ferramentas coma o TMILG, que se nutren en gran parte dos casos de fontes con pouca fiabilidade ecdótica.

A mesma mala fortuna padeceron outras voces léxicas: a súa representación como abreviaturas pola súa alta frecuencia na Idade Media provocaron o seu desenvolvemento ó xeito do castelán. Así ocorre nalgúns patronímicos, coma no de *Martín/Martiño*: o alto número de *Martinez* que hai na documentación procede de erróneos desenvolvementos das abreviaturas *marz*, *mrtz*, *mrz*, *mrz*, *mz*, *ms*, *mrt*, *mart*, e outras (con sinal de abreviación por riba), como xa teño exposto polo miúdo (en Boullón 2006: 248-251). Algo semellante se pode dicir da abreviatura <a^o>, desenvolta moi a miúdo como *Alonso*, á maneira castelá, cando a forma por extenso que se atopa nos textos é maioritariamente *Afonso*, ou con <l^o>, desenvolvida como *Lorenço* no canto de *Lourenço*. Nos documentos de Dozón, Fernández de Viana (2009) opta por desenvolve-las desta forma: <mz> → *Martinez* p.119, <μσ> → *Martineσ* p.129, 129, 130, 131, 133, 134, 135, 136, 138, 140, 140, 141, 143, 143, 144, 145, 145, 149), a pesar de que por extenso podemos ver «*Martín Martiñσ*» a.1295 p. 73, «*Migeel Martíz*, notario jurado en tera de Deçón» (a.1306, p. 104); <a^o> → *Alonso* (p. 177, 178, 179); <iglia> → *iglesia* (p.137). Aínda que non concordemos con esas opcións concretas, a indicación en cursiva de que se trata dun desenvolvemento escollido polo editor está informando o lector que non está ante a forma real do manuscrito, senón dunha hipótese, ante a cal o lector, ou o estudoso da lingua, poderá saber a que aterse. Se non hai cursivas, sempre quedará a incerteza de se por debaixo hai unha forma real ou unha abreviatura desenvolvida.

Un problema semellante, pero de máis difícil resolución, preséntano aquelas abreviaturas que conteñen algún grafo que non se corresponde coa pronuncia real da palabra e representa unha fosilización da abreviatura latina. Refírome a casos como <plz> ou <mg lz> (sempre con sinal de abreviación por riba). No primeiro deles, a abreviatura máis usuais era <plz>, que adoita ser desenvolvida como *Pelaz* ou *Pelaez*. O problema é que esta forma non se corresponde coa realidade lingüística, porque, como corroboran os resultados modernos do apelido (*Paz* e *Pais*) e as formas medievais por extenso, ese -l- só reflectía a tradición abreviativa

latina²⁰. As formas que aparecen por extenso máis comúns son *Paez* (sobre todo no séc. XIII), *Payz* (sobre todo nos ss. XIII e XIV), *Paes* e *Paas* (sobre todo no xv). Por se non abundasen estas evidencias, hai un exemplo da identificación entre a abreviatura <plz> e a palabra *paz* (< lat. PACE-): un notario de Ramirás escribe, no a.1305 «o moesteyro aga seu foro en plaz», secuencia que reescribe unhas liñas máis abaixo como «o moesteyro aga seu foro en paz» (CDRamirás 457). Pois ben, o problema nestas ocasións vén dado polo conflito entre mante-la literalidade á forma escrita (<plz> → *Pelaz*, *Pelaez* ou *Palaz*) ou ofrece-la realidade lingüística (*Paaz*, *Paez* ou *Paz*). Esta última opción é a que propón Lorenzo (2004: 456-8), que indica en nota a abreviatura existente no manuscrito. Unha posible solución de compromiso entre ámbalas dúas, que respectaría a literalidade da abreviatura e asemade a forma real, sería reproducir ese *l* pero considerándoo como é habitual nas letras que se escriben de máis, isto é: «Pa(l)az» ou «Pa(l)ez». A mesma posibilidade valería para a abreviatura <mglz> ou <mgl>, por extenso *Migeez* (ou *Migees*, habitualmente con plicas), que se adoita desenvolver como *Miguellez* (e *Miguelles*, *Migeez*, *Migeeles*). Neste caso a solución podería vir dada por «Mige(l)ez» ou «Mige(l)es» (tendo en conta, por suposto, as formas por extenso que atinxan á sibilante final ou á secuencia <gu+e> ou <g+e>).

Este tipo de decisións pon o editor ó descuberto, pois evidencian que é el quen está a escoller, e que non se limita a reflecti-la lectura do manuscrito. Pero é que o editor ten que escoller, e tomar riscos, e exporse a equivocarse. É en moitos sentidos máis doado facer unha lectura máis paleográfica e non decidir como se desenvolven as abreviaturas problemáticas, onde se puntúa, como se separan as palabras, que maiúsculas ou que acentos diacríticos se usan, porque isto implica non tomar decisións sobre o sentido ou o valor léxico ou gramatical das palabras.

Conclusiones

A análise das edicións de textos medievais non literarios en Galicia móstrannos dúas tendencias maioritarias: os que centran o seu interese no estudo lingüístico tenden a facer edicións moderadamente interpretativas, poñendo a atención en non ocultar-las feitos lingüísticos; algúns deles fan edicións paleográficas moi estritas. Pola súa parte, os paleógrafos adoitan facer edicións interpretativas moi libres ignorando as características específicas da lingua medieval.

20 Véxanse as abreviaturas recorrentes en textos altomedievais galegos en Boullón 1999: 469-470, 485-486, 496.

A experiencia no último século, tanto en territorio lingüístico galego coma no portugués ou no castelán revela a imposibilidade real de conseguir unha unificación das normas de edición para tódolos textos, entre outras razóns porque depende da finalidade da edición; en palabras de Ivo Castro, «a transcrição é menos una función do texto que do público a que se destina» (1995: 516). Pero, en todo caso, sería desexable facelo en casos concretos, tales como as coleccións documentais editadas nunha colección determinada.

Avogo, para estes casos, por unha edición moderadamente interpretativa, que poida ser aceptada polos principais produtores de textos medievais non literarios, e teña aproveitamento tanto lingüístico como histórico. Nestes criterios é fundamental o recoñecemento das especificidades da lingua medieval galega (tal como o til para indica-la nasalidade) e a indicación en cursiva do desenvolvemento das abreviaturas para que o lector interesado poida distingui-lo que realmente figura no texto do que é a interpretación do editor.

Referencias bibliográficas

- BARREIRO GARCÍA, M. Carmen (1995): *A documentación notarial do concello de Noia (ss. XIV-XVI). Lectura, edición e léxico*. Tese de doutoramento (inérita). Universidade de Santiago de Compostela.
- BOULLÓN AGRELO, Ana Isabel (1999): *Antroponimia medieval galega (séculos VIII-XII)*. Tübingen: Niemeyer.
- BOULLÓN AGRELO, Ana Isabel (2004): «Catálogo dos documentos éditos en galego anteriores a 1260», *Cadernos de lingua* 26, 5-46.
- BOULLÓN AGRELO, Ana Isabel (2006): «Antroponimia e territorio: sobre a difusión dos apelidos en Galicia», en R. ÁLVAREZ / F. DUBERT / X. SOUSA (eds.): *Lingua e territorio*. Santiago de Compostela: ILG / Consello da Cultura Galega, 235-255 [http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/lingua_territorio.pdf].
- BOULLÓN AGRELO, Ana Isabel / Henrique MONTEAGUDO (2009): *De verbo a verbo. Documentos en galego anteriores a 1260. Verba*, anexo 65. Universidade de Santiago de Compostela.
- BOUZAS ROSENDE, Paula (2010): *Edición e estudo dos documentos inéditos do mosteiro de Santo Estevo de Ribas de Sil (século XV)*. Tese de doutoramento (inérita). Universidade de Santiago de Compostela.
- CABANA OUTEIRO, Alexandra (2003): *Santiago de Compostela do século XIV ó XV: O Tombo H da Catedral de Santiago. Edición e estudio histórico*. Tese de Doutoramento (inérita). Universidade de Santiago de Compostela.

- CAPPELLI, Adriano (1973⁶): *Dizionario di abbreviature latine ed italiane italiane usate nelle carte e codici specialmente del medio-evo riprodotte con oltre 14.000 segni incisi*. Milano: Editore Ulrico Hoepli.
- CASTRO, Ivo (1995): «O retorno à Filologia», en Cilene da Cunha Pereira / Paulo Roberto Dias Pereira (coord.): *Miscelânea de estudos lingüísticos, filológicos e literários in memoriam Celso Cunha*, Rio de Janeiro: Nova Fronteira, 511-520.
- CASTRO, Ivo / M^a Helena LOPES DE CASTRO / Isabel VILARES CEPEDA (1964/1973): «Normas de transcrição para textos medievais portugueses», *BdF* 22, 417-425.
- CASTRO, Ivo / Maria Ana RAMOS (1986): «Estratégia e táctica da transcrição, en *Critique Textuelle Portugaise. Actes du Colloque. Paris, 20-24 octobre 1981*. Paris: Fondation Calouste Gulbenkian / Centre Culturel Portugais, 99-122 [869.09 COLL-1].
- CASTRO CORREA, Ainoa / Ricardo PICHEL GOTÉRREZ (2011): «El Cartulario de Caaveiro y el proceso de cartularización en Galicia: nueva documentación altomedieval sobre el Monasterio de San Xoán de Caaveiro», *Cátedra* 18, 229-284.
- CDRAMIRÁS = LUCAS ÁLVAREZ, Manuel / Pedro Pablo LUCAS DOMÍNGUEZ (1988): *San Pedro de Ramirás. Un monasterio femenino en la Edad Media. Colección diplomática*. Santiago de Compostela: Public. de Caixa Galicia.
- COMMISSION INTERNATIONALE DE DIPLOMATIQUE (1984): «Normes internationales pour l'édition des documents médiévaux», *Folia Cesaraugustana*. CSIC Cátedra Zurita. Zaragoza, 15-64.
- COSTA, Avelino de Jesus da (1993 [1977]): *Normas gerais de transcrição e publicação de documentos e textos medievais e modernos*, Coimbra: Faculdade de Letras, 3^a ed. moi renovada e ampliada.
- DDGM = GONZÁLEZ SEOANE, Ernesto (dir.) / María ÁLVAREZ DE LA GRANJA / Ana Isabel BOULLÓN AGRELO (2006): *Dicionario de dicionarios do galego medieval*. Anexo 57 de *Verba*. Instituto da Lingua Galega [<http://sli.uvigo.es/ddgm/index.html>].
- DONO LÓPEZ, Pedro (2010): *Colección de documentos en pergamiño do mosteiro de Santa Comba de Navas. Introducción, edición e índices*. Tese de doutoramento (inérita). Universidade de Santiago de Compostela.
- EMILIANO, António (2002) «Problemas de transliteração na edição de textos medievais», *Revista Galega de Filoloxía* 3, 29-64 [<http://hdl.handle.net/2183/2586>].
- ESCUELA DE ESTUDIOS MEDIEVALES (1944): *Normas de transcripción y edición de textos y documentos*. Madrid: CSIC.
- FERNÁNDEZ DE VIANA Y VIEITES, José Ignacio (1998): «Proposta para unha normativa de documentos medievais en galego», en Dieter KREMER (ed.): *Homenaxe a Ramón Lorenzo*. Vigo: Galaxia, 71-80.

- FERNÁNDEZ DE VIANA Y VIEITES, José Ignacio (2009): *Colección diplomática do mosteiro de San Pedro de Vilanova de Dozón*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.
- FERNÁNDEZ SALGADO, Antonio (1999): *Documentación medieval de San Bieito do Campo*. Memoria de licenciatura (inédita). Universidade de Santiago de Compostela.
- GARCÍA SENDÓN, Inma / Manuel GARCÍA SENDÓN (1989): *Grandes feitos e lides de Carlomagno*. Barcelona: Casals.
- GARCÍA VILARIÑO, Rosa (1988): *Os Milagres de Santiago*. Barcelona: Casals.
- LORENZO, Ramón (1987): «Algúns consideracións sobre a *História do Galego-Português* de Clarinda de Azevedo Maia», *Verba* 14, 441-488.
- LORENZO, Ramón (1988): «Normas para a edición de textos medievais galegos», en Dieter KREMER (ed.): *Actes du XVIII^e Congres International de Linguistique et de Philologie Romanes. Université de Trèves (Trier)*. 1986, vol. 6, 76-85.
- LORENZO, Ramón (1995): «La koiné gallega», en G. HOLTUS / M. METZELTIN / Ch. SCHMITT (eds.): *Lexikon der Romanistischen Linguistik*. Vol. II/2. Tübingen: Max Niemeyer, 649-679.
- LORENZO, Ramón (2004): «Edición de documentos medievais. Problemas que presentan algunhas abreviaturas», en Rosario ÁLVAREZ e Antón SANTAMARINA (eds.): *(Dis)cur-sos da escrita. Estudos de filoloxía galega ofrecidos en memoria de Fernando R. Tato Plaza*. Instituto da Lingua Galega. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza, 449-458.
- LUCAS ÁLVAREZ, Manuel (1949): «Para unas normas complementarias de transcripción de documentos en gallego», *CEG* 12, 95-110.
- LUCAS ÁLVAREZ, Manuel (1991): «Paleografía gallega. Estado de la cuestión», *Anuario de Estudios Medievales* 21, 419-470.
- LUCÍA MEGÍAS, José Manuel (1998): «Manuales de crítica textual: las líneas maestras de la ecdótica española», *Revista de Poética Medieval* 2, 115-153.
- MAIA, Clarinda de Azevedo (1986): *História do galego-português. Estado lingüístico da Galiza e do Noroeste de Portugal do século XII ao século XVI (com referència á situación do galego moderno)*, Coimbra: INIC.
- MARTINS, Ana Maria (2001): *Documentos portugueses do Noroeste e da Região de Lisboa: da produção primitiva ao século XVI*. Lisboa: Imprensa Nacional-Casa da Moeda.
- MÉNDEZ FERNÁNDEZ, M^a Luz (1991): *Contribución ó estudio dun libro das Tenzas da Catedral de Santiago. Edición crítica e estudio dos folios 1 a 27*. Memoria de Licenciatura: Universidade de Santiago de Compostela.
- OTERO-PIÑEYRO MASEDA, Pablo Santiago (2008): *Colección diplomática do mosteiro cisterciense de Santa María de Oseira (Ourense). 1435-1485*. Vol. v. Santiago de Compostela: Tórculo.

- PICHEL GOTÉRREZ, Ricardo (2009): *Fundación e primeiros séculos do mosteiro bieito de Santo Estevo de Chouzán (sécs. IX-XIII)*. Noia (A Coruña): Toxosoutos.
- ROMANÍ MARTÍNEZ, Miguel (1989): *La colección diplomática de Santa María de Oseira (1025-1310)*. 2 vols. Santiago de Compostela: Tórculo Edicións.
- RUIZ ASENCIO, José Manuel (1987): *Colección documental del Archivo de la Catedral de León (775-1230)*. III (986.1031). León: Centro de Estudios e Investigación San Isidoro.
- SÁNCHEZ-PRieto BORJA, Pedro (coord.) (1991, 1995, 2005, 2005, 2006): *Textos para la historia del español: reproducción facsímil, transcripción paleográfica, presentación crítica y comentario lingüístico de documentos medievales y de los siglos XVI y XVII*. Alcalá de Henares: Servicio de Publicaciones de la Universidad de Alcalá de Henares, 5 vols.
- SOUTO CABO, José António (2008): *Documentos galego-portugueses dos séculos XII e XIII*. Monográfico nº 5 da *Revista Galega de Filoloxía*. A Coruña: Universidade da Coruña.
- SOUTO CABO, José António (2009): «Testes ad probandum contra Velasco Pedrez», en M. Brea (coord.): *Pola melhor dona de quantas fez nostro senhor. Homenaxe á profesora Giulia Lanciani*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 405-419.
- TATO PLAZA, Fernando R. (1999): *Libro de notas de Álvaro Pérez, notario da terra de Rianxo e Postmarcos (1457)*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.
- TATO PLAZA, Fernando R. / Ana I. BOULLÓN AGRELO (2004): «Fontes para o estudo da lingua medieval», en Rosario Álvarez e Antón Santamarina (eds.): *(Dis)cursos da escrita. Estudos de filoloxía galega ofrecidos en memoria de Fernando R. Tato Plaza*. Instituto da Lingua Galega. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza, 709-770.
- TMILG = VARELA BARREIRO, Xavier (dir.) (2004-): *Tesouro Medieval Informatizado da Lingua Galega*. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega [<http://ilg.usc.es/tmilg> ou <http://sli.uvigo.es/xelmirez/>].
- VAQUERO DÍAZ, Beatriz (2004): *Colección diplomática do mosteiro de San Salvador de Celanova (Ourense) (ss. XIII-XV)*. 4 vols. [Santiago de Compostela]: Tórculo.
- VAQUERO DÍAZ, Beatriz / Francisco J. PÉREZ RODRÍGUEZ (2010): *Colección documental del archivo de la Catedral de Ourense I (888-1230); II (1231-1300)*. 2 vols. León: Centro de Estudios e Investigación San Isidoro / Caja España de Inversiones / Archivo Histórico Diocesano.